

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO MASTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO INTERIOR E DE SAÚDE

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro do 2010 (BOE nº 69, de 20 de marzo de 2010).

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que o turismo é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.



No Plan estratéxico do turismo 2020, no obxecto estratéxico 7.3 “Excelencia na formación turística”, acción 7.3.3 “Reforzo do capital científico do turismo a través das universidades”, establécese como acción o impulso dos másteres universitarios en estudos turísticos nas universidades galegas.

Segundo.- Que o Decreto 245/2011, de 15 de decembro (DOG núm. 2 , de 3 de xaneiro de 2012), autoriza a implantación de estudos conducentes aos títulos de máster universitario e doutor no sistema universitario de Galicia.

O Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde trata de dar resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e as súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento da nosa comunidade autónoma, e como tal, presenta unha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro.

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, consciente da importancia desta oferta educativa superior e do esforzo, tamén económico, que supón o desenvolvemento con altos niveis de calidade, acorda apoiar mediante axudas directas o desenvolvemento do Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde, da Universidade de Vigo, por razóns de interese público.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública.

Por todo isto, as partes asinantes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde.

Segunda.- Importe da subvención e gastos subvencionables

1. O orzamento estimado para a realización da actuación subvencionada ascende a 20.000€.
2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no desenvolvemento do citado curso mediante unha achega económica máxima de 20.000€, con cargo ás aplicacións 11.A2.761A.744.0 e 11.A2.761A.444.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, co seguinte detalle:

- 1.500,00 € con cargo á aplicación 11.A2.761A.744.0

- 18.500,00 € con cargo á aplicación 11.A2.761A.444.0

3. A achega económica da administración terá como finalidade o financiamento dos seguintes gastos: xestión para o desenvolvemento dos estudos do máster, mantemento de páxina web e xestión de redes sociais, a remuneración do profesorado e conferenciantes, a compra de material, promoción do máster, mobilidade de alumnos e profesores, viaxes, aloxamento e manutención. Todos estes gastos terán carácter de gastos subvencionables.

Así mesmo, con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen dende o **1 de xaneiro de 2019** ata o remate do período de vixencia do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Terceira.- Compromisos da Universidade de Vigo

A Universidade, ademais do cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a:

-Organizar e dirixir o curso.

- Facilitar á Axencia Turismo de Galicia a relación de estudos e traballos de fin de máster dos alumnos deste. A Axencia Turismo de Galicia poderá solicitar aqueles que considere de interese, previo consentimento dos citados alumnos.

Así mesmo, como obriga de colaboración adicional a Universidade facilitará á Axencia Turismo de Galicia a relación de teses doctorais dos alumnos do máster.

-Entregarlle á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizada, segundo se establece na cláusula cuarta, así como a xustificación dos gastos subvencionables de acordo co establecido neste convenio.

- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre o máster, tanto nos medios de comunicación como no material informativo e pedagóxico que se puidera distribuír (folletos, publicacións de demais documentación).

-Promocionar a marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turismo.gal/marca01 os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, promocionarase a marca Xacobeo 2021, de conformidade co manual de identidade visual, que se pode consultar no seguinte enlace <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021>.



- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

Cuarta.- Xustificación, comprobación e pago

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada, previa presentación da xustificación da execución das actividades subvencionadas de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que a Universidade de Vigo deberá presentar:

- Unha certificación da intervención ou do órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade dos gastos realizados.



- Informe ou memoria final do responsable do programa sobre as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como a acreditación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Declaración da concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, en o seu caso, a procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, resultando compatibles.

En todo caso, e de conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

- Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do Convenio.

2.- O prazo para xustificar por parte da universidade a aplicación dos fondos percibidos remata o **30 de setembro de 2019**. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

3.- A Universidade deberá acreditar que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, esta acreditación poderá ser substituída por unha declaración responsable.

4.- Á vista desta documentación xustificativa, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e,



unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

5.- A documentación correspondente á xustificación presentase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Quinta.- Reintegro

A Universidade de Vigo terá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

Sexta.- Publicidade e transparencia

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Sétima.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- Modificación e resolución

1. Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.



- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A declaración xudicial de nulidade do convenio.

En calquera suposto de resolución anticipada, a Universidade de Vigo comprométese a continuar o máster ata a finalización das actividades en curso.

Novena.- Ausencia de relación laboral

1. A Universidade de Vigo poderá contratar ou nomear colaboradores ou persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento do proxecto requira, de acordo co establecido nos regulamentos de estudos de posgrao vixentes.

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Axencia Turismo de Galicia- Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

2. No caso de que a Universidade subscriba contratos suxeitos á normativa reguladora dos contratos do sector público, deberá acreditar o seu cumprimento coa presentación da documentación xustificativa regulada na cláusula cuarta.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de seguimento, que estará integrada por un representante designado pola universidade e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En relación á subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.



Décimo primeira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo segunda -Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Décimo terceira.- Réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei



40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

Lido polas partes, por si mesmas e como proba de conformidade co expresado no convenio, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Universidade de Vigo

O presidente

O Reitor

Román Rodríguez González

Manuel Joaquín Reigosa Roger



Xacobeo 2021

